



**Deputación
DA CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
SECCIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Expediente: 2025000004711

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICAN OS POSTOS NA FEIRA ROSALÍA 2025

A Deputación provincial da Coruña por resolución da Presidencia 2024/5348 aproba as bases e a convocatoria de participación na feira, que se desenvolverá os días 22 e 23 de febreiro na praza de Mazarelos en Santiago de Compostela, no marco da celebración do festival Rosalía 2025, que foron publicadas no BOP número 9 de 15/01/2025.

A base 10 das reguladoras dispón:

“A adxudicación dos postos é competencia da Presidencia desta Deputación, a resolución coa listaxe dos adxudicatarios será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica. As adxudicacións serán persoais e intransferibles “

O anuncio estará exposto un mes desde a data de publicación.

Acompáñanse a resolución da Presidencia pola que se aproba adxudicación de postos na feira Rosalía.

O presidente,

A secretaria,

Valentín González Formoso

Amparo Taboada Gil